

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2973 *Lei orgánica 2/2019, do 1 de marzo, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de imprudencia na condución de vehículos de motor ou ciclomotores e sanción do abandono do lugar do accidente.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A presente lei orgánica responde a unha importante demanda social, ante o incremento de accidentes en que resultan afectados peóns e ciclistas por imprudencia na condución de vehículos de motor ou ciclomotor, e aséntase sobre tres eixes:

- 1.º A introdución de tres supostos que se van considerar imprudencia grave por disposición da lei, así como unha interpretación auténtica da imprudencia menos grave.
- 2.º O aumento da punición deste tipo de condutas.
- 3.º A introdución do delito de abandono do lugar do accidente.

Polo que se refire ao primeiro, cabe sinalar que esta modificación supón darlle carta legal á actividade que xa desde o Ministerio Fiscal e a xurisprudencia acordaron, como resulta patente na Circular 10/2011 da Fiscalía Xeral do Estado sobre seguridade viaria, e a consideración de condución temeraria cando concorra un risco concreto para a integridade das persoas, se concorren os requisitos do artigo 379 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Con isto garántese a maior sanción para determinadas condutas particularmente graves con resultado de morte, en particular cando o condutor do vehículo de motor ou ciclomotor conduza baixo a influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou de bebidas alcohólicas ou exceso de velocidade. Recoñécese de forma expresa que existen determinadas circunstancias indicativas dunha especial negligencia por parte do condutor e deben ter consideración inequívoca nas consecuencias penais como imprudencia grave.

O aumento da punición deste tipo de condutas propónse a través de dúas vías. Por un lado, a introdución dun novo artigo 142 bis. A redacción permitirá ao xuíz ou tribunal impor a pena de até nove anos de prisión en caso de varios falecidos, ou falecidos e feridos graves, causados pola imprudencia na condución de vehículos de motor.

O mesmo sucede coa introdución do artigo 152 bis, que permite incrementar nun grao a pena cando haxa unha pluralidade de persoas que sufrisen as lesións do artigo 152.1.2.º ou 3.º, ou de dous cando ese número de lesionados sexa moi elevado.

Por outro lado, o aumento da punición tamén se reflicte na introdución da pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores nun novo parágrafo do artigo 382, complementaria da xa prevista pola regra concursal que determina a aplicación da pena do delito máis grave na súa metade superior nos casos de produción dun resultado lesivo cando concorra a condución temeraria, prevista e penada no artigo 381.

En terceiro lugar, introdúcese o delito de abandono do lugar do accidente cunha redacción autónoma, dentro do capítulo IV do Código penal, dedicado aos delitos contra a seguridade viaria, por entender que se trata dunha conduta diferente e, esta vez si, dolosa e independente

da conduta previa imprudente ou fortuíta. O que se quere sancionar neste caso é a maldade intrínseca no abandono de quen sabe que deixa atrás a alguén que poida estar lesionado ou mesmo falecido, a falta de solidariedade coas vítimas, penalmente relevante pola implicación directa no accidente previo ao abandono, e as lexítimas expectativas dos peóns, ciclistas ou condutores de calquera vehículo de motor ou ciclomotor, de seren atendidos en caso de accidente de tráfico. Búscase evitar o concurso de normas entre este tipo penal e o delito de omisión do deber de socorro do artigo 195.3 do Código penal para os casos de lesións a través da previsión contida no texto, de subsidiariedade deste delito respecto daquel, referíndoo aos casos de persoas que sufran lesións graves pero nas cales non concorran os requisitos do perigo manifesto e grave que exige a omisión do deber de socorro.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Modifícase a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, nos seguintes termos:

Un. O artigo 142 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 142.

1. O que, por imprudencia grave, causar a morte doutro será castigado, como reo de homicidio imprudente, coa pena de prisión de un a catro anos.

Se o homicidio imprudente se cometese utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, imporase, así mesmo, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de un a seis anos. Para os efectos deste número, reputarase en todo caso como imprudencia grave a conducción en que a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 379 determine a produción do feito.

Se o homicidio imprudente se cometese utilizando unha arma de fogo, imporase tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo de un a seis anos.

Se o homicidio se cometese por imprudencia profesional, imporase, ademais, a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de tres a seis anos.

2. O que, por imprudencia menos grave, causar a morte doutro será castigado coa pena de multa de tres meses a dezaioito meses.

Se o homicidio se cometese utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, poderase impor tamén a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de tres a dezaioito meses. Reputarase imprudencia menos grave, cando non sexa cualificada de grave, sempre que o feito sexa consecuencia dunha infracción grave das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, apreciada a entidade desta polo xuíz ou o tribunal.

Se o homicidio se cometese utilizando unha arma de fogo, poderase impor tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo de tres a dezaioito meses.

O delito previsto neste número só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 142 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 142 bis.

Nos casos previstos no número 1 do artigo anterior, o xuíz ou tribunal poderá impor motivadamente a pena superior nun grao, na extensión que considere conveniente, se o feito revestir notoria gravidade, en atención á singular entidade e relevancia do risco creado e do deber normativo de coidado infrinxido, e provocase a morte de dúas ou máis persoas ou a morte dunha e lesións constitutivas de delito do artigo 152.1.2.º ou 3.º nas demais, e en dous graos se o número de falecidos for moi elevado.»

Tres. O artigo 152 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 152.

1. O que, por imprudencia grave, causar algunha das lesións previstas nos artigos anteriores será castigado, en atención ao risco creado e ao resultado producido:

1.º Coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a dezaioito meses, se se tratar das lesións do número 1 do artigo 147.

2.º Coa pena de prisión de un a tres anos, se se tratar das lesións do artigo 149.

3.º Coa pena de prisión de seis meses a dous anos, se se tratar das lesións do artigo 150.

Se os feitos se cometesen utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, imporase, así mesmo, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de un a catro anos. Para os efectos deste número, reputarase en todo caso como imprudencia grave a condución en que a concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 379 determine a produción do feito.

Se as lesións se causasen utilizando unha arma de fogo, imporase tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo de un a catro anos.

Se as lesións fosen cometidas por imprudencia profesional, imporase, ademais, a pena de inhabilitación especial para o exercicio da profesión, oficio ou cargo por un período de seis meses a catro anos.

2. O que, por imprudencia menos grave, causar algunha das lesións a que se refiren os artigos 147.1, 149 e 150 será castigado coa pena de multa de tres meses a doce meses.

Se os feitos se cometesen utilizando un vehículo de motor ou un ciclomotor, poderase impor tamén a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de tres meses a un ano. Reputarase imprudencia menos grave, cando non sexa cualificada de grave, sempre que o feito sexa consecuencia dunha infracción grave das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, apreciada a entidade desta polo xuíz ou o tribunal.

Se as lesións se causasen utilizando unha arma de fogo, poderase impor tamén a pena de privación do dereito ao porte ou tenza de armas por tempo de tres meses a un ano.

O delito previsto neste número só será perseguible mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.»

Catro. Introdúcese un novo artigo 152 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 152 bis.

Nos casos previstos no número 1 do artigo anterior, o xuíz ou tribunal poderá impor motivadamente a pena superior nun grao, na extensión que considere conveniente, se o feito revestir notoria gravidade, en atención á singular entidade e relevancia do risco creado e do deber normativo de coidado infrinxido, e provocase lesións constitutivas de delito do artigo 152.1.2.º ou 3.º a unha pluralidade de persoas, e en dous graos se o número de lesionados for moi elevado.»

Cinco. O artigo 382 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 382.

Cando cos actos sancionados nos artigos 379, 380 e 381 se ocasionar, ademais do risco previsto, un resultado lesivo constitutivo de delito, calquera que sexa a súa

gravidade, os xuíces ou tribunais apreciarán tan só a infracción máis gravemente penada, aplicarán a pena na súa metade superior e condenarán, en todo caso, ao resarcimento da responsabilidade civil que se orixinase.

Cando o resultado lesivo concorra cun delito do artigo 381, imporase en todo caso a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores prevista neste precepto na súa metade superior.»

Seis. Introdúcese un novo artigo 382 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 382 bis.

1. O condutor dun vehículo de motor ou dun ciclomotor que, fóra dos casos previstos no artigo 195, voluntariamente e sen que concorra risco propio ou de terceiros, abandone o lugar dos feitos tras causar un accidente en que falecesen unha ou varias persoas ou no que se lle causar lesión constitutiva dun delito do artigo 152.2, será castigado como autor dun delito de abandono do lugar do accidente.

2. Os feitos previstos neste artigo que tivesen a súa orixe nunha acción imprudente do condutor serán castigados coa pena de prisión de seis meses a catro anos e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de un a catro anos.

3. Se a orixe dos feitos que dan lugar ao abandono fose fortuíta corresponderalle unha pena de tres a seis meses de prisión e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de seis meses a dous anos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN